



coello



coelliño



árbore



arboriña

Fixate: se á palabra coello lle engadimos -iño, temos o nome dun coello pequeno. O mesmo sucede con árbore. Coelliño e arboriña son **diminutivos**.

Coas terminacións -iño/-iña formamos diminutivos, palabras que indican menor tamaño.

Ás veces, usamos os **diminutivos** para expresar cariño: neniña.

4 Forma diminutivos engadindo -iño ou -iña:

folla	nena	rapaz	raíz
fonte	bicho	herba	paxaro

5 Escribe as palabras a partir das cales se formaron estes diminutivos:

caixiña	biquiño	avoiño	amiguiña
velliña	bolsiña	nariciño	libriño

6 Subliña as palabras rematadas en -iño/-iña que expresan cariño:

Ven aquí, filliña, e dame un biquiño.

A velliña levaba unha cadeliña branca metida nunha caixa.

USO O DICCIONARIO



1 Os diminutivos non aparecen no dicionario. Quitalles a terminación aos seguintes e escribe a palabra que terías que buscar. Escribe o seu significado:

anaquiño	imanciño	pauciño	requeiniño
pinguiña	vermiño	psíño	rapaciña